

# INSTRUCCIÓN

# COSCOBELLOS AO CESTO



- O xogo realízase baixo a dirección do persoal docente do centro educativo que deberá ter en conta as suxestións do persoal de sala e recepción do Museo.
- Será o profesorado quen lea ao alumnado as pistas.
- A pista manda procurar un obxecto en cada sala. Debedes ir buscando e ao atopalos, continuar buscando o seguinte. Tedes nas solucións a situación de cada unha delas para unha mellor localización.
- Recomendamos que o grupo non sexa maior de 25. A súa vez, deberedes dividilo a metade e cada docente conducirá un grupiño. Recomendamos que os grupiños non superen 12 alumnos e alumnas.
- Se facedes dous grupiños, un terá que comezar 10 minutos antes que o outro para darvos marxe na busca, xa que é o mesmo itinerario para ambos.
- Ao rematar o xogo, poderedes recoller na recepción uns debuxiños dos coscobellos a modo de recompensa.
- O centro educativo terá que traer as copias dos materiais impresos.
- É importante, antes de comezar o xogo, presentar o Museo ao alumnado e lembrarilles a súa responsabilidade cun patrimonio que é de todas as persoas. Tamén deles e delas. Aquí poderedes ver o [museo virtualizado](#).
- Para unha mellor orientación, poderedes procurar as pistas seguindo o itinerario trazado polo Museo con frechas amarelas.
- Ao ser un xogo autónomo, poderedes incluír ou obviar aquelas pistas que consideredes mellor.
- Lembraide que ante calquera dúbida, consulta ou incidencia, o persoal de sala e de recepción está aí para axudarvos.